

## MESA SECTORIAL DO 3 DE XUÑO DE 2026

### Concurso de traslados.

Non aceptaron a alegación de todas as OOSS de eliminación do prazo de un ano.

Informan que a oferta de prazas do ano 2026 vai incluír:

- Prazas vacantes ocupadas a 31/12/2025.
- Prazas vacantes puras (sen interino) a 31/12/2025 das categorías de médico/a de familia e pediatra de atención primaria, e que continúan vacantes puras a 31/03/2026.

Enviarán o cadro coas prazas neste mes de xuño para alegacións, e despois ter unha mesa monográfica.

**CIG-Saúde** solicitamos que se ofertaran todas as prazas vacantes puras en todas as categorías.

**CIG-Saúde** solicitamos que se definan as quendas dentro da AP. Denunciamos que se están facendo reestruturación dos centros e das prazas sen ningunha planificación coñecida. Estanse creando prazas con varios centros e despois a prestación é de correquendas ou como quere a xerencia.

### Plan de Ordenación de RRHH de Vigo

Proponse establecer un límite temporal do Plan de ordenación de RRHH do 2015 de Vigo, cando as categorías de oficios pasaron á privada e que se lles permitiu compatibilizar en diversas categorías.

**CIG-Saúde** solicitamos datos das persoas que están compatibilizando nas distintas categorías. Remitiremos a nosa posición por escrito.

**CIG-Saúde** pregunta pola reorganización dos RRHH de Vigo diante do pase de 4500 pacientes de POVISA ao CHUVI. É un tema gravísimo. Hai un cambio de modelo asistencial en POVISA, e hai servizos que antes se prestaban en POVISA e agora se prestan no CHUVI sen incrementar os recursos e sen un plan de ordenación que dea soporte a esa actividade.

Tamén se pregunta se teñen pensado facer algo logo dos cambios que se teñen feito na atención primaria de Vigo, onde se modificaron centros, destinos e quendas, sen soporte legal suficiente.

